



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Medicina e Odontoloxía

Curso Académico: 2020/2021

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía	23/05/2022
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	23/06/2022
Aprobada por	Xunta de Facultade de Medicina e Odontoloxía	20/12/2022
Aprobada por	Comisión de Calidade e Planificación Delegada do CG da USC	27/03/2023

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	9
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	13
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	17
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	20
Directriz 6. Información pública.....	22
3. Plan de Melloras do centro	24
4. Modificacións nos diferentes títulos	31
5. Listaxe de evidencias e indicadores	32

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O documento organízase en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nos títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Para contextualizar esta memoria, especifícanse en primeiro lugar as titulacións oficiais das que se ocupa e os órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na nosa Facultade, no curso obxecto desta memoria (2020-21), impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Medicina (GrM)
- Grao en Odontoloxía (GrO)
- Máster Universitario en Investigación Biomédica (MUIB)
- Máster Universitario en Saúde Pública (MUSP)
- Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (MUCXNACD) - Interuniversitario.
- Máster Universitario de Investigación en Ciencias da Visión (MUCV)-interuniversitario

No caso dos dous Mestrados Interuniversitarios (MUCXNACD e MUCV), as respectivas Universidades responsables da coordinación académica son alleas ao SUG (Universidade de Granada no caso do MUCXNACD; e Universidade de Valladolid no caso do MUCV), se ben teñen unha figura de coordinación interna do título no campus de Santiago da USC, consonte ao establecido no Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	Estudantes	Docentes
Grao en Medicina	2318	316
Grao en Odontoloxía	223	123
MUIB	20	41
MUSP	30	19
MUCXNACD	13	10 (USC)
MUCV-3ª edición	2	11 (USC)

Por outra banda, os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decano
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinadores/as de título (CT)

Colexiados:

- Equipo decanal
- Xunta de Facultade

A **Xunta de Facultade** é o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade, así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Xunta de Facultade conta coas seguintes comisións delegadas:

- Comisión Permanente (CP).
- Comisión de Traballo Fin de Grao e da Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada de Medicina.
- Comisión de Traballo Fin de Grao de Odontoloxía.
- Comisión de Mobilidade.
- Comisións de Validacións e Recoñecementos de Medicina e de Odontoloxía.

Ademais, a Facultade dispón das seguintes comisións específicas, que teñen un carácter estable:

- Comisións de titulacións oficiais de Grao e Mestrado impartidas no Centro.
- Comisión de Calidade do Centro (CCC).
- Comisión de Biblioteca.
- Comité Consultivo.
- Comisión de Normalización Lingüística.
- Comisión de Igualdade

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (PE-02 do SGC), cada unha das CT achegaron á CCC as súas análises do desenvolvemento e resultados do correspondente programa formativo durante o curso 2020-21, así como as súas propostas de accións de mellora, a partir dos informes e indicadores proporcionados pola ACMP da USC. A CCC analiza estes documentos e realiza a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborando o Plan de melloras anual. O documento final, a Memoria de

Calidade, é enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica, e sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, dase traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **A vixencia da Política de Calidade.**

A Facultade de Medicina e Odontoloxía conta cunha Política de Calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontoloxia/calidade/politica-calidade>)

que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se fai pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Esta Política revísase con periodicidade, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A máis recente actualización da mesma data de 2018, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Medicina e Odontoloxía conta cun Plan Estratégico Ponte aprobado no curso 2020-21, e que dispón do informe favorable da ACMP da USC. De acordo co proceso PE-01, *Planificación estratéxica*, do SGC, a vixencia do Plan Estratégico ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratégico da USC, co que debe estar aliñado.

No Plan Estratégico defínense a misión, visión e valores da Facultade, así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratégico son os seguintes:

EIXO ESTRATÉXICO 1: CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO	
LIÑA ESTRATÉXICA	1.1 TRASFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DE CALIDADE.
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	<p>A. Obter a acreditación institucional da Facultade.</p> <p>B. Aproveitar de forma efectiva os procesos de seguimento e acreditación para a mellora continua das titulacións adscritas á Facultade.</p>
ACCIÓNS ESTRATÉXICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Intensificar o proceso de implantación efectiva do SGC, como ferramenta de xestión e de garantía de calidade. • Adecuar o número total de estudantes de novo ingreso ao número de prazas previsto na memoria verificada do Grao en Medicina.
EIXO ESTRATÉXICO 2: COMPROMETERSE CO PERSOAL	
LIÑAS ESTRATÉXICAS	<p>2.1 ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL AS NECESIDADES DA FACULTADE.</p> <p>2.2 REFORMULAR A CUANTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN NA XORNADA LABORAL.</p> <p>2.3 DESENVOLVER UN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DE PERSOAL.</p>
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	<p>A. Dotación dun cadro de PDI equilibrado, suficiente e adecuado para a Facultade.</p> <p>B. Recoñecemento adecuado da actividade docente, de investigación e de xestión do profesorado.</p> <p>C. Traballo coordinado e cohesionado das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na Facultade.</p> <p>D. Definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI.</p>
ACCIÓNS ESTRATÉXICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Demandar a definición das necesidades estruturais de PDI para unha atención adecuada das actividades docentes e investigadoras, tendo como referencia a Memoria de Verificación dos Títulos adscritos ao Centro e a produción investigadora promedio do ámbito de coñecemento. • Contribuír, en coordinación cos Departamentos, á definición do dito cadro de necesidades estruturais e á programación das accións para a súa dotación e estabilización, priorizando os ámbitos con maior desaxuste entre o cadro inicial e o de referencia. • Promover e demandar o adecuado recoñecemento da dedicación do profesorado a actividades de coordinación, avaliación e mellora da docencia. • Promover a reorganización dos Departamentos para obter unha mellor eficiencia na organización e xestión do encargo docente.

- Impulsar, en Coordinación con el Programa de Formación e Innovación Docente da USC, a organización de actividades de formación específica do profesorado en metodoloxías de ensino-aprendizaxe, deseño de materiais didácticos, e uso de ferramentas do Campus virtual.
- Impulsar formación acreditada do PDI en simulación médica e odontolóxica, a nivel básico e avanzado.

EIXO ESTRATÉGICO 3: POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE**LIÑAS ESTRATÉGICAS**

- 3.1 POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES DOCENTES DA FACULTADE.**
- 3.2 PROFUNDIZAR NA CULTURA DE TRANSPARENCIA.**

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

A. Impulsar o funcionamento da Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade como dinamizador lingüístico principal.

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- Crear un grupo de traballo dependente da CNL para desenvolver plans específicos de dinamización lingüística.
- Promover o recoñecemento da actividade docente impartida en galego e mailos materiais didácticos elaborados en galego nas titulacións adscritas á Facultade.
- Garantir o emprego do galego na sinalética dos tres edificios da Facultade.
- Promover directrices de boas prácticas lingüísticas para os exames dos Graos da Facultade.
- Colaborar Servizo de Normalización Lingüística da USC no deseño de plans de dinamización e formación lingüística orientados ao alumnado de 1º curso dos Graos, e ao estudiantado de mobilidade entrante.
- Mellorar a lexicoloxía médica e odontolóxica especializada en galego mediante a elaboración de glosarios de termos que complementen os recursos dispoñibles.

permitiu introducir melloras nos títulos adscritos á Facultade, e seguir as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación dos mesmos.

- **A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.**

Os mecanismos de recollida de información mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese foron axeitados e eficaces para detectar problemas e buscar solucións nas titulacións adscritas á Facultade, tal e como figuran nos correspondentes IAS.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos:
 - Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - Cumprimento de guías docentes;
 - Procedementos de coordinación,
 - Análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - Análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción**

A Facultade de Medicina ten implantados procedementos que rexen o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos están sistematizados no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), no que se establecen as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos; e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do SGC da Facultade de Medicina e Odontoloxía, que guía o seguimento anual dos ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles.

Anualmente, seguindo este proceso *PE-02*, as CT analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise seguimento do cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e, de ser o caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analízanse o cumprimento dos programas das materia, a adecuación

dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre outros, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes deses seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza e aproba as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme estes procedementos atópanse nas actas dos correspondentes órganos (comisións de título e comisión de calidade).

- **Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

Os programas formativos teñen procedementos de coordinación integrados no SGC que se transmiten formalmente a través da CCC e da CTs, e que integran mecanismos de coordinación docentes horizontais (a través das Coordinacións de curso e das Coordinacións de materias, no caso das titulacións de garo) e verticais (mediante as figuras de Coordinación do Título, e de Responsable de Calidade do Centro).

Nas reunións semestrais de docencia que se celebran para cada curso do Grao, detéctanse incidencias no desenvolvemento das actividades docentes, e propoñense actuacións a través das correspondentes Coordinacións de materias e dos Departamentos con encargo docente na titulación.

No caso do seguimento do Grao en Medicina, e derivado do Informe de renovación da acreditación, a CT revisou a presencialidade do Grao cara a súa redución, para adaptala á situación real, e evitar situacións de excesivo número de clases que afectan a aprendizaxe e a convivencia alumnado-profesorado. Este aspecto constituiu unha acción de mellora prevista no informe de seguimento de curso académico previo. A Xunta de Facultade acordou a redución da presencialidade nas materias de 2º, 3º, e 4º cursos do Grao en Medicina (agás PCI, PCII, e PC III), baseada no criterio de 9,5 HP/ECTS (6-8 H de docencia expositivas), de aplicación no curso 2021-22, e a conseguinte solicitude de modificación non substancial do Grao en Medicina que foi aprobada polo Consello de Goberno.

- **Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No curso 2020-21 ofertáronse un total de 493 **prazas de inicio de estudos** distribuídas por titulación dunha forma similar á do curso académico previo:

Prazas Ofertadas

	2020-21
Grao en Medicina	360,00
Grao en Odontoloxía	50,00
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvol	25,00
Máster Universitario en Investigación Biomédica	25,00
Máster Universitario en Investigación	10,00

en Ciencias da Visión (2ª ed)	
Máster Universitario en Saúde Pública	23,00
Total	493,00

Como xa ben sendo habitual, e en contra do criterio manifestado pola Facultade, o número de prazas ofertadas para o Grao en Medicina foi de 360, dez máis da que contempla a MVT.

O **número total de estudantes matriculados** (sen contabilizar o alumnado procedente de programas de mobilidade) foi de 2.606 alumnos e alumnas.


Na seguinte táboa desglósase o alumnado matriculado por titulación:

Nº total de estudantes matriculados

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Medicina	2333,00	2382,00	2360,00	2324,00	2316,00	2318,00
Grao en Odontoloxía	213,00	217,00	230,00	225,00	217,00	223,00
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvol	40,00	27,00	33,00	27,00	3,00	1,00
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento	-	-	-	-	8,00	12,00
Máster Universitario en Investigación Biomédica	16,00	25,00	24,00	21,00	22,00	20,00
Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión	-	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión (3ªed)	-	-	-	-	3,00	2,00
Máster Universitario en Saúde Pública	15,00	17,00	25,00	28,00	32,00	30,00
Total	2620,00	2674,00	2677,00	2630,00	2601,00	2606,00

Na Facultade ingresa maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro o 7.48% do total de estudantes matriculados. Por outra parte, dentro do alumnado nacional, os estudantes de fóra de Galicia representan o 20,95% do total.

Dende a implantación dos títulos, a totalidade do alumnado ten unha **nota media de acceso** superior a 7 no caso dos Mestrados, e superior a 12, no caso dos Graos. Para os estudos do Grao en Medicina, confírmase a tendencia a alza dende a súa implantación, acadando no curso 2020-21 a nota de acceso máis alta (13,06 sobre 14 puntos). Estes datos indican a excelente preparación académica do alumnado que ingresa na Facultade.



- **Resultados académicos**

En xeral, cúmplense, e nalgúns casos mellórase a evolución dos resultados académicos previstos nas memorias de verificación dos diferentes títulos impartidos na Facultade. En referencia á aprendizaxe, as taxas de rendemento, éxito e avaliación amosan uns resultados moi satisfactorios curso a curso, tanto nos Graos como nos Mestrados. Ademais, dende unha perspectiva global, resultaron tamén moi satisfactorios os indicadores de rendemento (taxas de graduación, abandono, éxito, e eficiencia dos egresados) en todas as titulacións.

Tanto para os Graos como para os Mestraos da Facultade, a Taxa de éxito é superior á media da USC no (87,92).

RESULTADOS ACADÉMICOS 2020-21	GRAOS	MESTRADOS
Taxa de Rendemento	87,97	79,99
Taxa de éxito	92,24	97,05
Taxa de avaliación	95,36	81,39
Taxa de graduación	87,23	83,33
Duración media dos estudos	6,24	1,54
Taxa de éxito dos egresados	94,28	97,62

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	92,09		89,83			
Taxa de abandono RD 1393	GrM	GrO	MUCXAD	MUIB	MUSP	MUCV
	4,67	37,93	12,50	0,00	21,05	0,00
Taxa de abandono durante o primeiro curso	GrM	GrO				
	3,77	31,03				

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe).
 - Avaliación da aprendizaxe.
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).**

Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC, particularmente nos cinco procesos chave (PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das

ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas), e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

A USC establece o marco normativo que regula a ruta académica do estudantado, desde a admisión até o momento da obtención do título. Este marco normativo está conformado principalmente polas normativas, regulamentos e instrucións que aproba o Consello de Goberno da USC, e que nalgúns casos se concreta, para cada centro o titulación, en normas máis específicas.

As principais normativas poden consultarse nos enderezos web da Universidade:

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

Entre elas, as normativas máis relevantes que regulan dende o punto de vista administrativo os procesos de ensino-aprendizaxe, son as seguintes:

- [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino.
- [Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC](#) (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012), xunto coas instrucións da Secretaría Xeral que a interpretan e as Resolucións reitorais e Acordos do CG que a modifican (14/06/2012; 20/07/2012; 30/05/2013; 03/11/2014; 12/11/2024; 08/05/2015; 10/03/2016). Fixa os principios para a progresión nos estudos (número de créditos máximo matriculables, condicións para a matrícula e superación do TFG/TFM, etc.) e o límite de convocatorias. En relación con ela tamén está a Resolución reitoral relativa á convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES ([CG 24/09/2013](#)) e a súa modificación ([CG 08/10/2015](#)).
- [Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#) (CG 14/03/2008). Fixa os criterios, a unidade de recoñecemento, o sistema de recoñecemento e o modo de transferencia ao expediente do alumnado.
- [Normativa sobre de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017)
- [Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster](#) (RR 15/04/2011), coas modificacións, ampliacións e instrucións aclaratorias posteriores (as máis relevantes, o acordo do CG de 05/07/2016, e a súa modificación de 12/05/2018). Establece os procedementos para facer constar, nos expedientes do alumnado, a acreditación de competencias de carácter transversal, por experiencia profesional e outras e, no seu caso, o seu cómputo en créditos.
- *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións* (aprobada en [CG 15/06/2011](#), modificada en [CG de 05/04/2017](#)), que establece as garantías do estudantado respecto dos procedementos de avaliación.
- [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster](#) (acordo CG 10/03/2016). Este regulamento, que establece as normas e procedementos académicos e administrativos en relación cos TFG e TFM, establece que cada Centro deberá elaborar a normativa propia para os seus títulos.
- [Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC](#) (CG 26/10/2012 e

modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019) e, en relación con este, a [Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#) (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018)

- [Normativa sobre de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017)

A Facultade de Medicina e Odontoloxía ten aprobados os seguintes regulamentos:

- Regulamento TFG Medicina (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia/tfg>)
- Regulamento TFG Odontoloxía (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia/tfg>)
- Normativa de Prácticas clínicas Grao en Medicina (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontologia/practicas>)
- Normativa para o proceso de solicitude de praza de prácticas nas materias Práctica Clínica I, Práctica Clínica II e Práctica Clínica III do Grao de Medicina (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontologia/practicas>)
- Normativa do Examen de Homologación de Odontoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontologia/arquivo>)
- Regulamento de Réximen Interno da Facultade de Medicina e Odontoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontologia/arquivo>)

Este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación.

- **Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)**

Debido á situación de pandemia por Covid-19, a docencia de todos os cursos das titulacións da Facultade desenvolveuse na modalidade non presencial no primeiro semestre (Escenario 3) e no segundo semestre na modalidade semipresencial síncrona (Escenario 2), empregando as plataformas e ferramentas institucionais.

As guías docentes de todas as materias incorporaron unha adenda no que se contemplaron para cada un dos escenarios derivados da pandemia (Escenario 1: normalidade adaptada; Escenario 2: distanciamento; Escenario 3: peche das instalación) os correspondentes plans de continxencia para desenvolver as actividades docentes, as titorías, e as probas de avaliación.

- **Avaliación da aprendizaxe**

No Grao en Medicina tamén realizouse unha adaptación da Proba de avaliación de competencias

clínicas obxectiva e estruturada (ACOE) as circunstancias epidémicas do momento, desenvolvéndose de xeito telemático, de conformidade coas directrices da Conferencia Nacional de Decanos de Facultades de Medicina de España (CNDFME). No curso 2020-21, un total de 375 alumnos de Medicina da USC (2.829 estudantes en toda España) examináronse simultaneamente e de xeito presencial a través da plataforma telemática nas aulas dos edificios de Medicina e de Odontoloxía.

- **Prácticas externas.**

Para o Grao en Medicina, o estudantado realizan prácticas curriculares externas obrigatorias (prácticas clínicas tuteladas obrigatorias) en hospitais e dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde-SERGAS. As instalacións sanitarias deben cumprir unha normativa moi estrita, ao tratarse de centros sanitarios, e ser ésta unha profesión regulada.

Os estudantes tamén poden facer prácticas curriculares externas opcionais (prácticas clínicas en período non lectivo), que teñen lugar en institucións sanitarias do SERGAS, e Povisa.

Durante o curso 2020-21, suspendéronse as prácticas externas en período non lectivo debido a pandemia por Covid-19, e as restricións aprobadas pola Xunta de Galicia, e as instrucións da *Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS)* da Xunta de Galicia e da Área Sanitaria de Santiago de Compostela. Debido as mencionadas restricións, as Prácticas clínicas obrigatorias de 3º, 4º e 5º aprazáronse ata febreiro de 2021.

As prácticas clínicas obrigatorias de último curso mantiveronse na súa totalidade, seguindo a Instrución 1/2021 da ACIS.

- **Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).**

Por Resolución Reitoral foi autorizada a defensa dos TFGs e TFMs ante o Titor ou Titora. Para os Graos e Mestrados da Facultade, a defensa realizouse de forma presencial ou telemática, consonte ao establecido na Instrución de Secretaría Xeral nº 5/2020.

- **Mobilidade.**

Durante o curso 2020-21, 11 Universidades do Programa Sicue e 5 Universidades do Programa Erasmus cancelaron as estancias de mobilidade debido a situación da pandemia por Covid-19. Eso supuxo unha diminución con respecto a outros cursos académicos do número de estudantes do Grao en Medicina que realizaron estancias de mobilidade e intercambio a través dos Programas Erasmus, SICUE e por Convenio Bilateral no cursos 2020-21.

Ainda que para o curso 2020-21, a USC non proporcionou o indicador da porcentaxe de mobilidade saínte para as titulacións adscritas á Facultade, polos rexistros internos da Unidade de Xestión, sabemos que un total de 44 estudantes do Grao en Medicina completaron estancias de mobilidade e intercambio (35 no Programa Erasmus, e 9 no Programa SICUE); para o Grao en Odontoloxía, 3 estudantes realizaron mobilidade saínte.

Debido á duración e estrutura das titulacións de Mestrado, non se produxo mobilidade saínte no estudantado do MUIB e do MUSP durante o curso 2020-21.

- **Informe e xestión de queixas e suxestións**

Ademais das vías de recepción de queixas da USC (OAR e Valedor da Comunidade Universitaria), a Facultade dispón de dúas canles principais para a achega directa de queixas e suxerenzas en relación coas actividades, instalacións, equipamento e servizos do Centro. Trátase do correo oficial do Decanato (zmeddeca@usc.es) e do *Formulario de queixas e suxestións da web*. Ambas canles están a disposición de toda comunidade universitaria da nosa Facultade (estudantes, PDI e PAS).

Temos habilitado tamén para o seu uso o *Buzón de queixas da Facultade de Medicina e Odontoloxía* (medicina.odontoloxia.queixas@usc.gal). A recepción de queixas achegadas a este buzón está xestionada directamente por un membro do equipo decanal. Esta vía cumpre o compromiso recollido no punto 6 do Acordo asinado o 8 de novembro de 2018 polos representantes estudiantís de Medicina, directores de departamento, equipo decanal e equipo reitoral, onde se especifica que *"...Disporase dunha vía rápida de denuncia ante actitudes irrespectuosas que garantice a confidencialidade por parte do equipo decanal"*.

Durante o curso 2020-21 resolvéronse 28 queixas recibidas a través destas canles, procedentes do estudantado, e relativas principalmente ao desenvolvemento das actividades docentes e de avaliación das titulacións de Grao (25), e de Mestrado (2). Recepcionouse tamén unha queixa dun membro do PDI en relación á xestión de espazos.

- **Indicadores de satisfacción dos grupos de interés**

No que respecta á satisfacción dos estudantes coa actividade docente recibida, os resultados son satisfactorios en xeral, tanto nas titulacións de Grao como de Mestrado.

En canto á satisfacción coa docencia impartida, enquisa que cobre o PDI todos os anos, os resultados tamén son satisfactorios.

	GrM	GrO	MUIB	MUSP
Satisfacción docencia recibida	4,12	3,84	4,73	4,19
Satisfacción docencia impartida	3,98	4,24	4,07	4,7

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.

- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Perfil do Profesorado**

O profesorado con encargo docente nas titulacións de Grao e de Mestrado da Facultade ten un alto nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) que concorda coas disposicións incluídas nas respectivas MVTs.

A **experiencia investigadora** do profesorado no curso 2010-21, medida a través da porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia nas titulacións do Centro, representa unha porcentaxe global do 88,31%. Cabe destacar que para o Grao en Medicina, o profesorado con sexenios acada a o nivel máis alto (86,49%) dende a implantación do título.

% PDI CON SEXENIOS	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Medicina	79,23	78,68	82,54	84,03	84,62	86,49
Grao en Odontoloxía	77,94	81,69	79,37	79,69	81,36	84,21
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvol	83,33	83,33	75,00	75,00	100,00	100,00
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento	83,33	83,33	75,00	75,00	100,00	100,00
Máster Universitario en Investigación Biomédica	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	97,30
Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión (3ªed)	-	-	-	-	100,00	100,00
Máster Universitario en Saúde Pública	69,23	80,00	80,00	88,89	90,00	90,00
Total	81,99	83,08	86,52	85,41	86,46	88,31


En canto o **profesorado doutor sobre o total**, neste último curso representou o **80,41** o que o sitúa nun moi alto nivel de cualificación do cadro de persoal docente, apreciándose unha tendencia á estabilización.

% PDI DOUTOR	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Medicina	79,61	77,02	76,23	73,17	72,45	73,73

Grao en Odontoloxía	92,04	89,92	89,47	88,43	86,15	86,18
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvol	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Máster Universitario en Investigación Biomédica	100,00	97,44	100,00	100,00	100,00	100,00
Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión (3ªed)	-	-	-	-	100,00	100,00
Máster Universitario en Saúde Pública	94,12	91,67	92,31	83,33	93,75	89,47
Total	85,25	82,81	83,45	79,53	79,47	80,41

A porcentaxe global que supón o **profesorado funcionario sobre o total do PDI** sitúase no curso 2020-21 no 39,55%, e continua cunha clara tendencia á baixa, situándose moi por debaixo do valor promedio da Universidade.

Aínda que a perda de profesorado con vinculación permanente está a afectar a todas as titulacións da Facultade, a situación do cadro de PDI con encargo docente nos Graos adscritos á Facultade é a mais alarmante, xa que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total viuse diminuído no curso 2019-20 ata o 32,96% no Grao en Medicina, e ata o 43,09% no Grao en Odontoloxía. Esta porcentaxe está moi por debaixo da media global da USC (58.56%).



O equipo docente da Facultade atópase nunha situación difícil e delicada, moi condicionada por varios factores: As numerosas xubilacións no profesorado con vinculación permanente, sen a axeitada reposición nas áreas básicas e clínicas; o progresivo aumento de estudantes matriculados no Centro sen un reforzo paralelo da plantilla docente; a dispersión do profesorado en diferentes localizacións (edificios docentes, centros de investigación, centros asistenciais) para desenvolver as súas responsabilidades docentes, investigadoras, clínico-asistenciais e de xestión na xornada laboral; a incorporación de figuras de profesorado contratado con posto asistencial con incompatibilidade para desenvolver tarefas docentes en quenda de mañán; a perda significativa de profesorado vinculado en áreas clínicas con encargo docente nas titulacións da Facultade; a incorporación de profesorado con excelente formación investigadora pero con perfil alleo, non médico, as competencias profesionalizantes dos Graos da Facultade.

Neste sentido, a Conferencia Nacional de Decanos das Facultades de Medicina Españolas (CNDFME), nun recente informe (http://www.cndmedicina.com/wp-content/uploads/2017/01/2021_12_16_-

[INFORME-VIDA-MEDIA.pdf](#)), alerta sobre a crítica situación na que se encontran as Facultades de Medicina polo déficit de case 4.000 docentes , e de que a metade do profesorado que imparte docencia actualmente no Grao en Medicina non é médico.

- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio**

A Facultade conta con 46 persoas de personal de apoio, dos cales 26 pertencen ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), incluíndo 5 técnicos de investigación adscritos á Sala de técnicas do Departamento de Ciencias Morfolóxicas, que asisten ao profesorado nas prácticas anatómicas, e un técnico a tempo parcial para as salas de simulación avanzada.

Cada un dos Departamentos con docencia nos Graos e nos Mestrados dispoñen de técnicos que participan, non só nas actividades de investigación, senón tamén nas prácticas non clínicas do alumnado.

Ademais, a Biblioteca da Facultade conta cun cadro de persoal formado por 8 persoas que se ocupan de que os usuarios, tanto do alumnado como do profesorado, reciban a atención e os recursos que precisen. O cadro do personal de apoio creceu con respecto ao contemplado na Memoria verificada do Grao.

A Unidade administrativa de apoio á xestión do Centro e dos Departamentos, foi obxecto dunha revisión estrutural e funcional por parte da Xerencia da USC, co obxectivo de acadar un funcionamento máis eficaz e eficiente na xestión dos procedementos que afectan as titulacións. En particular, durante o curso 2020-21, a Xerencia da USC desenvolveu unha intervención na Unidade administrativa de apoio cara a axilizar o procedemento de recoñecemento de estudos e validación de estudos, que permitiu a elaboración e publicando na web da Facultade de táboas de equivalencia específicas de titulación.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.**

Durante o curso 2020-21, as infraestruturas destinadas a actividades docentes nos edificios da Facultade foron adaptadas seguindo as normas establecidas pola USC para o desenvolvemento dunha docencia segura no Escenario 2 e 3 resultante da Covid-19, no referente a ventilación, sinalización de postos nas aulas coas medidas de distanciamento, acceso aos edificios, e o material de hixienización. Ademais habilitouse unha sala de aillamento Covid en cada un dos principais edificios onde se desenvolven as actividades docentes (edificio histórico da Facultade, Pavillon docente Nóvoa Santos, e edificio de Odontoloxía).

- **Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.**

As ferramentas do Campus virtual consituiron un elemento fundamental de apoio no desenvolvemento das actividades docentes no escenario 2 (docencia semipresencial) e no escenario 3 (docencia telemática) derivados da pandemia por Covid-19, durante o curso 2020-21.

O equipamento técnico e científico, e os recursos materiais son adecuados para a adquisición e avaliación das competencias dos Graos e dos Mestrados. Cada ano, aparte do orzamento específico para as prácticas, destínase un orzamento para mellorar os equipos e renovar algúns deles. Priorizamos especialmente o suministro de equipos e materiais de simulación.

Todas as aulas de propósito xeral contan con equipos informáticos e audiovisuais. As aulas foron equipadas co equipamento informático básico para emitir e gravar en streaming as actividades docentes nos escenarios 2 e 3.

A Facultade dispón de 18 puntos de conectividade a Internet a través da rede wifi EDUROAM con acceso para usuarios de PDI, PAS e estudantes. O acceso a través da rede por fíos tamén é posible nos postos dispoñibles da biblioteca e das aulas de informática do centro.

Os recursos bibliográficos están actualizados e son suficientes.

A Biblioteca da Facultade conta con 31.320 títulos monográficos, 2.600 títulos de revistas científicas e 9 plataformas de libros electrónicos de interese para as materias impartidas nos Graos e nos Mestrados. As adquisicións bibliográficas por compra ou subscrición inclúen actualizar as bibliografías recomendadas en todas as materias, así como incorporar novas edicións e duplicar as obras máis populares. O buscador Pórtico permite acceder a 6.601 títulos das distintas especialidades

médicas da súa categoría de ciencias da saúde.

Dende a Biblioteca de Facultades realizase un seguimento bibliografía básica recomendada que aparece nos programas da materia, que se actualiza cada ano académico.

A Biblioteca da Facultade ofreceu un programa de formación dirixido á adquisición de competencias informativas incluídas nas MVT, con 3 niveis de profundidade: Básico, dirixido a estudantes de 1º de grao; Avanzado, pensado para axudar na realización do TFG; e Experto, dirixido a estudantes de posgrado.

A Biblioteca da Facultade tamén ofertou plataformas en aberto para acceso de bibliografía básica para o alumnado no escenario de suspensión da actividade docente presencial.

- **Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.**

Ao inicio de curso, celébrase sendas xornadas de benvida para os estudantes de primeiro curso do Grao en Medicina e do Grao de Odontoloxía, por vía telemática polo escenario Covid, na que tamén participaron o alumnado delegado do segundo ano e os representantes das asociacións de estudantes de Medicina e de Odontoloxía. Neste acto explícaselles a organización do Grao e o funcionamento da Facultade.

Así mesmo, cada curso académico ten lugar o respectivo acto de benvida ao Hospital para os estudantes de 3º, 4º, e 5º cursos do Grao en Medicina. Nestes actos ofréceselles información relevante sobre a súa incorporación ao hospital (identificación, roupa, etc.) de acordo coas disposicións do Protocolo que determinan as directrices básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade. do paciente por estudantes e residentes en ciencias da saúde, recollida na Orde SSI / 81/2017, do 19 de xaneiro (<https://www.boe.es/boe/dias/2017/02/06/pdfs/BOE-A-2017-1200.pdf>). Tamén se lles informa das actividades formativas de carácter obrigatorio (asignaturas de práctica clínica, ACOE e TFG) e doutras actividades opcionais que ofrece o hospital para completar a súa formación.

A presentación dos Servizos dos Complexos hospitalarios galegos onde se desenvolven as prácticas clínicas de 6º curso do Grao en Medicina foi realizada mediante unha sesión telemática na que participaron as figuras de Coordinación de Hospitais.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.**

A información relativa a estrutura dos programas formativos, profesorado, horarios das actividades docentes, calendario de exames, e normativa de referencia é de acceso público. A información revísase e actualízase de forma regular en función do seguimento anual das titulacións realizado polas CT e pola CCC.

Toda a información relevante para os grupos de interés divúlgase a través de:

- Páxina web institucional da USC: <https://www.usc.gal/gl>
- Páxina web institucional do centro: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia>
- Páxina web oficial de cada titulación:
 - <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-medicina>
 - <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-odontologia>
 - <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-condicionantes-geneticos-nutricionales-ambientales-crecimiento-desarrollo-nutrenvigen-gd-factors>
 - <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-investigacion-biomedica>
 - <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-investigacion-ciencias-vision-0>

Ademais, o Campus Virtual da USC (<https://www.usc.es/es/servizos/ceta/tecnologias/campus-virtual.html>) serviu de plataforma de soporte como canle de comunicación a que ten acceso o alumnado e o profesorado, e permitiu transmitir a información e novas relevantes no ensino-aprendizaxe de cada programa formativo a través das aulas de Coordinación (de título, de curso ou de materia).

Toda a información relevante que depende directamente do Centro (calendario de docencia e avaliación, asignación de prazas de práctica clínica, asignación de destinos Erasmus e Sicue, presentación dos TFG/TFM), publícase na páxina web, e trasládase aos grupos de interese a través correo electrónico corporativo, e aulas virtuais de Coordinación.

A información actualizada sobre medidas Covid a desenvolver nos espazos e nas actividades docentes, incorporouse nas Aula virtuais de Coordinación dos títulos a través das figuras de Delegado Covid, e notificouse aos grupos de interese mediante mensaxe de correo electrónico corporativo.

3. Plan de Melloras do centro.

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1, Contar cun Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade de Medicina e Odontoloxía para o vindeiro período en consonancia co plan estratéxico da USC.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano		DATA INICIO: Setembro 2022	DATA FIN: Xullo 2023
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-01, Planificación estratéxica		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-1. Elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade.		
Indicador/es de medición	Plan estratéxico aprobado	Meta a conseguir:	Dispoñer dun plan estratéxico actualizado

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	Finalización da vixencia do plan estratéxico Ponte 2019-22.
Definición/ descrición proposta	Elaborar o novo Plan Estratéxico (PE) da Facultade.
Datas	Finalización: / Inicio: 01/12/2021
Responsables	Decano
Tarefa1	AM_C-1.1.
Descrición tarefa	Elaboración da proposta de PE pola CCC, aprobación pola Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	1/12/2022
Responsable	Decano

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2, Manter actualizado o SGC da Facultade.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: RCC		DATA INICIO: Setembro 2022	DATA FIN: Xullo 2023
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-02, Revisión e mellora		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-2. Revisar e, se é o caso actualizar o SGC da Facultade		
Indicador/es de medición	Modificacións no SGC	Meta a conseguir:	Manter a documentación do SGC actualizada

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	Necesidade de revisión e actualización continua do SGC.
Definición/ descrición proposta	Revisar e actualizar a documentación do SGC.
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2021
Responsables	RCC; Xestora de Centro
Tarefa1	AM_C-2.1
Descrición tarefa	Revisar e actualizar a documentación do SGC
Data prevista de finalización	31/07/2022
Responsable	RCC; Xestora de Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE	
OC-3, Manter actualizado os programas formativos, mediante a supervisión do cumprimento e, no seu caso, modificación, das memorias de verificación dos títulos (MVT).	
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano	
DATA INICIO: Decembro 2021 DATA FIN: Decembro 2022	
Obxectivo estratéxico relacionado	Manter unha oferta formativa actualizada para dar resposta ás necesidades formativas do contorno social e económico no ámbito da Medicina
Procesos chave relacionados	PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas PE-02, Revisión e mellora
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-3. Modificar a MVT do Grao en Medicina para adaptala as necesidades formativas reais do contexto actual
Indicador/es de medición	Culminación dos trámites iniciados

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Necesidade de adaptar a MVT de Grao en Medicina as necesidades formativas reais do contexto actual
Definición/ descripción proposta	Modificación da MVT do Grao en Medicina para adaptala as necesidades formativas reais do contexto actual
Datas	Finalización: / Inicio: 01/12/2021
Responsables	Decano; Coordinadora de título
Tarefa1	AM_C-3.1
Descrición tarefa	Aprobación da proposta de modificación da MVT pola Comisión do Título de Grao e pola Xunta de Facultade e tramitación aos órganos superiores correspondentes.
Data prevista de finalización	31/12/2022
Responsable	Decano; Decano; Coordinadora de título

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-4, Axuste no número de estudantes recibidos no Grao en Medicina por mobilidade entrante.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de Título de Grao		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Axuste da mobilidade entrante do estudiantado		
Procesos chave relacionados	PC-02. Planificación das ensinanzas		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-4. Establecer un límite de prazas de mobilidade entrante con prácticas clínicas no Grao en Medicina.		
Indicador/es de medición	Nº de acordos de estudos entrantes con prácticas clínicas	Meta a conseguir:	Valor máximo: 10 %

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Nos últimos anos produciuse un incremento gradual no número de estudantes de mobilidade entrante no Grao en Medicina con acordos de estudos con prácticas clínicas, que está a causar un impacto excesivo nos grupos de docencia clínica, sen posibilidade de prevelo no momento da planificación do curso.

Definición / descrición	Limitar o número de estudantes entrantes no Grao en Medicina con Prácticas clínicas
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2021
Responsables	Responsable académica de mobilidade
Tarefa1	AM_C-4.1
Descrición tarefa	Limitar o número de estudantes entrantes no Grao en Medicina con Prácticas clínicas nos acordos de estudos
Data prevista de	31/07/2022
Responsable	Responsable académica de mobilidade

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-5, Dispor de infraestruturas de conexión suficiente para o uso das TIC na actividade docente			
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Decano		DATA INICIO: Setembro 2021	DATA FIN: Xullo 2022
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento da infraestrutura e instalacións para a docencia acorde coas necesidades dos programas formativos		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e dos servizos		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-5. Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas		
Indicador/es de medición	Nº de aulas con ampliación de tomas de corrente	Meta a conseguir:	Dotación suficiente de tomas de corrente nos edificios docentes
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-5. Reforzar a cobertura da rede sen fíos para atender o incremento do uso que se está a producir		
Indicador/es de medición	Incidencias por insuficiencia da rede wifi nos espazos docentes	Meta a conseguir:	0 incidencias

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5
Orixe	Informes de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A Facultade está a mellorar progresivamente, según os recursos económicos disponibles, as suas instalación coa finalidade de manter unha dotación aceptada as necesidades da docencia. O estudantadosolicita aumentar o número de tomas de corrente nasa aulas para a incorporación de ordenadores portátiles no proceso de ensino-aprendizaxe.
Definición / descrición	Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2021
Responsables	Decano
Tarefa1	AM_C-5.1
Descrición tarefa	Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.
Data prevista de	31/07/2022
Responsable	Decano
ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6
Orixe	Informes de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A Facultade está a mellorar progresivamente, según os recursos económicos disponibles, as suas instalación coa finalidade de manter unha dotación aceptada as necesidades da docencia. A incorporación de ordenadores por parte do alumnado nos espazos docentes precisa ampliar a cobertura da rede sen fíos nas aulas.
Definición / descrición	Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2021
Responsables	Decano
Tarefa1	AM_C-6.1
Descrición tarefa	Reforzar a cobertura da rede sen fíos para atender o incremento do uso que se está a producir .
Data prevista de	31/07/2022
Responsable	Decano

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-6, manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano		DATA INICIO: Setembro 2021	DATA FIN: Xullo 2022
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento da infraestrutura e instalacións para a docencia acorde coas necesidades dos programas formativos		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e dos servizos		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-7. Continuar coa renovación progresiva, según dispoñibilidade orzamentaria e necesidades, dos equipos informáticos, audiovisuales e de laboratorio destinados á actividade docente.		
Indicador/es de medición	Nº de equipos renovados	Meta a conseguir:	Equipos funcionais e actualizados en todos os espazos docentes

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-7
Orixe	Memoria de calidade 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A Facultade debe atender progresivamente, e según os recursos económicos disponibles, a renovación e actualización do equipamento técnico destinado á docencia.
Definición / descrición	Continuar coa renovación progresiva, según disponibilidad orzamentaria e necesidades, dos equipos informáticos, audiovisuales e de laboratorio
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2021
Responsables	Decano
Tarefa1	AM_C-7.1
Descrición tarefa	Renovación do equipamento docente.
Data prevista de Responsable	31/07/2022 Decano

4. Modificacións nos diferentes títulos

<u>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u>		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Grao en Medicina	Modificación non substancial	Redución da presencialidade nas materias de 2º, 3º, e 4º cursos do Grao en Medicina (agás PCI, PCII,e PC III), baseada no criterio de 9,5 HP/ECTS (6-8H de docencia expositivas)

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	2020-21 MEMORIA CALIDADE DEF\ACTAS\Actas CCC.pdf 2020-21 MEMORIA CALIDADE DEF\ACTAS\Actas XF.pdf
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	2020-21 MEMORIA CALIDADE DEF\RECOÑECIMENTOS
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_-
			INF.16_- (información por título)
			INF.CiUG_- (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_- (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_-
			INF.03_- (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia

1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia/calidad/politica-calidad
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_- Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_-
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_- (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_-
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de	I6-I7_- (información agrupada por centro)

		formación da universidade e en actividades formativas específicas	
4	17	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_- (información agrupada por centro)
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_- (información por título) INF.14_- (información por título)
4	19	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_- (información agrupada por centro)
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia/equipamientos
5	E1 9	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	https://www.usc.gal/es/centro/facultad-medicina-odontologia
5	E2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-medicina-odontologia/practicas
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	2020-21 MEMORIA CALIDADE DEFTFGs
2,3	E2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_- (información por título)
2,3	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)

		avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	INF.17_- (información por título) INF.18_- (información por título) INF.19_- (información por título) SIIU_- (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro) INF.CiUG_- (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_- (información por título) EIL-ACSUG_- (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)